

Número 3

CASTROVERDE

23 · 26 xullo

2026



**FESTAS
SANTIAGO
APÓSTOLO**

festascastroverde.gal



Talleres "A LAGOA"

Miguel Rivera Ortiz

CONSTRUCCIONES METÁLICAS
PUERTAS · VERJAS · VENTANAS
APEROS DE LABRANZA

TRABAJOS GARANTIZADOS
PÍDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO



 **982 17 54 81**

 **617 60 13 94**  **637 99 46 15**

San Miguel de Páramo · Castroverde (LUGO)

Estimados veciños, veciñas, colaboradores, institucións, amigos e amigas:



Por **noveno ano consecutivo** (si, xa dende o 2018... como pasa o tempo!), quedamos sen palabras para expresar o inmensamente agradecidos que estamos con todos vós. Unha vez máis, a vosa colaboración foi excepcional e demostrou que, cando traballamos xuntos, somos capaces de conseguir cousas maravillosas. É un orgullo enorme contar cunha veciñanza tan implicada e comprometida. Grazas de corazón por facer que cada ano sexa aínda máis especial ca o anterior!

As festas que hoxe desfrutamos son, sen dúbida, froito de toda a axuda e do apoio incondicional que nos brindades ano tras ano. Sen a vosa implicación, entrega e confianza, nada disto sería posible. Por iso, estaremos sempre profundamente agradecidos.

As nosas festas patronais son moito máis ca uns días de celebración: son un momento para compartir, reencontrarnos, manter vivas as nosas tradicións e fortalecer os lazos que nos unen como veciñas, veciños, amigas e amigos. Grazas a todos vós, cada edición convértese nunha colección de momentos inesquecibles e de lembranzas que levaremos connosco durante moito tempo.

Por outra banda, contaremos tamén coas mellores orquestras, como **París de Noia**, **La Fórmula** ou **Capitol**. Sen esquecernos, dos grandes

concertos de **Punk'on Keixo** e **De Ninghures**, que nos acompañarán no derradeiro día.

Son moitas as emocións que unha persoa leva consigo durante as festas do Santiago Apóstolo, pero podedes estar seguros de que **non hai maior satisfacción ca vervos a todos e todas disfrutando delas**. As festas forman parte da nosa identidade como pobo galego (que sería de nós sen as nosas festas!) e cremos que debemos facer todo o posible para non perder esta marabillosa tradición.

Agardamos que este **#SantiagoCv26**, para o que preparamos un programa completo e pensado para todos os públicos, sexa do voso agrado e estea á altura das vosas expectativas.

Moi boas felices festas do Santiago Apóstolo, vémonos no campo !

Asdo.: Comisión de Festas do Santiago Apóstolo '26

GRAZAS!



Almorzos • Menú do día • Comidas por encargo

**Rosalía de Castro, 81
CASTROVERDE (Lugo)**

☎ 982 312 155
☎ 678 089 681
☎ 617 643 272



Espectáculos López

Clave de Fa

TELÉFONO 670 99 57 44

**Organización de todo tipo de eventos:
contratación de artistas, orquestas,
grupos y dúos musicales,
así como alquiler de carpas
y grupos electrógenos.**

Teléfono 670 995 744

Las Cruces, nave I

27614 San Julián de la Vega

SARRIA (Lugo)

Queridos veciños, veciñas e visitantes:

Con enorme satisfacción e ilusión, diríxome outro ano máis a todos vós, con motivo da celebración das nosas festas patronais en honra ao Santiago Apóstolo, unhas datas moi especiais que cada ano nos reúnen arredor das nosas tradicións, da nosa cultura e do orgullo de pertencer a este pobo, Castroverde



Este ano faime especial ilusión compartir con vós esta fotografía ao carón do noso Castelo, xa que, como sabedes, por fin conseguimos a súa plena titularidade. Polo tanto, podemos dicir que xa é noso, de todos os veciños e veciñas de Castroverde. Aproveito tamén esta ocasión para informaros de que estamos á espera de que Patrimonio autorice o proxecto que presentamos co fin de iniciar, canto antes, as obras de escavación arqueolóxica. Este será o primeiro paso dun importante proceso de posta en valor do noso

Castelo, que nos permitirá seguir avanzando na súa conservación, investigación e divulgación para o desfrute das xeracións presentes e futuras.

Estas festas representan unha oportunidade única para compartir momentos de alegría, convivencia e encontro entre familiares, amizades e visitantes que nos acompañan nestes días.

Son catro días de celebración cheos de actividades organizadas con moita ilusión e co firme propósito de que estas festas sexan participativas e inclusivas, nas que todos e todas nos sintamos

identificados. Procuráronse ofrecer propostas para todas as idades, desde os máis cativos ata a mocidade e as persoas maiores

Ao longo destes días poderedes gozar de verbenas con grandes orquestras, charangas, grupos de música tradicional, actividades deportivas, festa infantil e moitas outras iniciativas.

O obxectivo principal é dinamizar o noso concello, fomentando a harmonía, a convivencia e, por suposto, a diversión, para que veciños, veciñas e visitantes compartamos xuntos uns días inesquecibles.

Dende o Concello colaboramos coa Comisión de Festas realizando un importante esforzo económico para que esta celebración sega estando á altura do que merecen os nosos veciños e veciñas.

Quero facer un agradecemento especial a todos os rapaces que forman parte da Comisión de Festas, xa que, grazas ao seu traballo, esforzo e dedicación, podemos desfrutar, un ano máis, desta celebración. Por iso, quero trasladarlles o meu máis sincero recoñecemento pola magnífica labor que realizan.

Do mesmo xeito, non quero esquecer a importante contribución do persoal municipal, así como a colaboración prestada por veciños e veciñas, asociacións, empresas e demais institucións. Grazas ao compromiso e á implicación de todos e todas, estas festas convértense cada ano nunha realidade da que podemos sentirnos especialmente orgullosos.

Por suposto, sodes todos e todas vós quen as facedes tamén verdadeiramente posibles. Sen a participación de amigos, familiares, visitantes e veciñanza, non terían sentido. Por iso, animovos a formar parte delas, a compartilas e a contribuír a que sexan, un ano máis, un éxito do que todos e todas poidamos sentirnos orgullosos.

Sen dúbida, estas festas son o reflexo do esforzo colectivo dun pobo que sabe traballar unido e que fai da colaboración e da participación os seus sinais de identidade.

Aproveito tamén para facervos chegar unha forte aperta a quen non pode asistir por diversos motivos, a quen está pasando por momentos difíciles e a quen compartiu connosco datas pasadas e hoxe xa non se atopa entre nós, pero a quen lembramos cada día.

Por suposto, quero tamén dar a benvida a cantos veciños e veciñas se incorporaron á nosa localidade nestes últimos tempos.

Quero trasladarvos os meus mellores desexos, lembrándovos que me tedes sempre á vosa disposición.

En nome da Corporación Municipal que presido, e no meu propio, desexámosvos que pasedes unhas felices festas de Santiago Apóstolo 2026!

O voso Alcalde:

Xosé María Arias Fernández

ROCÍO SELECCIÓN

**ZAPATERÍA • DEPORTES • MODA
LABORAL • FIESTA**

f i @CALZADOSROCIOSELECCION

SKECHERS victoria new balance mekka H&E
Callaghan Adorables NIKE HI-TEC PUMA adidas
Chiruca MUNICH Fluchos COLUMBIA

630 389 771 Avenida Rosalía de Castro
nº 82, Castroverde, Lugo

www.calzadosrocioseleccion.com



O'
MARIÑEIRO

**Bar · Agente de
espectáculos**

Taxista (Meira · Mosteiro)

José Castro González

 **608 98 83 66**

Nerea Castro Vilarín

 **629 52 71 36**

Begoña Castro Vilarín

 **680 28 82 60**

**Costa de Cabo, S/N
27240 MEIRA · LUGO**



- que teñas unhas Felices Festas -

Proba as nosas especialidades en
Táboas de queixos, cárnicos, froita, etc...



SERRA
Alimentación

www.serra18go.com

Rosalía de Castro, 84 • Castroverde (LUGO) • Tel.: 982 312 024

SÁBADO 11 • I MERENDA VEIGA DO OLMO

13:00 H. Vermú largo coa charanga **XUNTANZA** e **DJ RIVA**.





Lotería Nacional



Rosalía de Castro, 134
27120 **CASTROVERDE** (Lugo)

 **982 31 23 01**

ÁRIDOS BESTEIRO



ÁRIDOS TRANSPORTE EXCAVACIONES

 **616 22 77 80**



SÁBADO 11 • I MERENDA VEIGA DO OLMO

17:30 H. Xogos populares.

19:30 H. Tardeo coa charanga **SORCHA** e **DJ RIVA**.



Servizo de **polbo** e **churrasco**



Premios para as **mellores merendas** e moitas **sorpresas** máis!



BIENVENIDO A CASTROVERDE

CAFÉ BAR ROMA



*Tu lugar para disfrutar
buen café y buenos momentos*



PENSIÓN Roma



*Descanso, comodidad
y tranquilidad*



Casa Cando

Tu estancia tranquila en Castroverde



*Habitaciones en Castroverde
alojamiento libre de humo*



TRES LUGARES, UNA EXPERIENCIA INOLVIDABLE



CAFÉ BAR ROMA



PENSIÓN ROMA



CASA CANDO

I MERENDA DA VEIGA DO OLMO

FESTAS DO **SANTIAGO APÓSTOLO** DE **CASTROVERDE**

SÁBADO 11 DE XULLO

2026

13:00 Vermú largo coa charanga **Xuntanza**
e **DJ Riva**

17:30 **Xogos populares**

19:30 Tardeo coa charanga **Sorcha**
e **DJ Riva**



Servizo de polbo e churrasco



Premios para as **mellores merendas**
e moitas **sorpresas** máis!



#SantiagoCv26
festascastroverde.gal



ESTÉTICA · SOLARIUM
UNISEX

**PELUQUERÍA
VANESSA**

C/ Rosalía de Castro, 71
CASTROVERDE · Lugo

CITA PREVIA
☎ 982 31 31 70





PULPERÍA
HNOS. MOURELO FOLGUEIRAS
FERIAS Y MERCADOS

Marey - Laguiño nº 5
27164 O Corgo - LUGO

☎ 982 17 00 11
☎ 686 00 11 79



Payo Gómez, 13 • 15004 A Coruña
el13@el13loteria.es • www.el13loteria.es
☎ 981 22 67 38



Almacenes RICO

Hormigones
y materiales
de construcción

almacenes.rico@hotmail.es

C/ Rosalía de Castro
Nº 132, 27120
Castroverde (LUGO)

☎ 982 31 21 47
☎ 619 98 25 37



•Castroverde•

689 118 333
pandelopanaderia@gmail.com
Castroverde / Lugo




SOBRADO
 CLÍNICA DENTAL

odontología general | ortodoncia | cirugía e implantes | odontopediatría

Rosalía de Castro, 63. Castroverde (LUGO) **982.313.018** N° Reg. Sanitario C-27000312
 Avda. Galicia, 34. Entrl. Villalba (LUGO) **982.523.904** N° Reg. Sanitario C-27000773

www.sobradodental.es



✓ **TALLAS DE 0 A 8 AÑOS**

✓ **CEREMONIA E BAUTIZO**

✓ **COMPLEMENTOS**

✓ **CANASTILLAS**

VEN A VISITARNOS!

ESTAMOS NO CENTRO DE LUGO

 **c/ QUIROGA BALLESTEROS
 (SOPTALES DO MERCADO)
 982 000 904**

síguenos en instagram @bicos_de_mami
www.bicosdemami.com



XOVES 23 • DÍA DA ORIENTACIÓN

19:30 H. Proba de orientación **ORIENTABIRRING** na praza do concello.

23:00 H. Festa e verbena co grupo **D'CANO** e a orquestra **PARÍS DE NOIA**.





RESTAURANTE NEIREO

- MENU DEL DÍA
- COMIDAS POR ENCARGO

Avda. Baralla, s/n
O Cádavo (Baleira) · LUGO

☎ 982 355 248 📞 680 206 413



TRANSMUÑIZ

643 404 520

VENTA DE FORRAJES · TRANSPORTE PLATAFORMA ABIERTA



CLÍNICA DENTAL Alicia Ferradás

☎ 982 312 374

🌐 clinicadentalaf.es

Rosalía de Castro, 114
Castroverde · LUGO

XOVES 23 • DÍA DA ORIENTACIÓN



MARTA QUIROGA



TRABAJAMOS
CON CITA

📞 634 041 502



LUCIO RODINSO

Aloxamentos rurais

☎ 698 90 26 03

✉ info@luciorodinso.gal

Rodinso nº 4, 27128 · CASTROVERDE · Lugo

FISIOTERAPIA · PODOLOXÍA · ENFERMERÍA · XIMNASIO · SPA

Rosalía de Castro 49 · Baixo
27120, CASTROVERDE (Lugo)

MARZO

SAÚDE

RS: C-27-000777



☎ 636 478 514



**DISTRIBUCIONES
CANCELA**

**Jesús González Fernández
GERENTE**

TOSTADEROS DE CAFÉ



Pol. Ind. Ceao, Rúa das Panadeiras, nº 33 · 27003 LUGO

☎ 982 20 71 61

☎ 687 91 79 51

☎ 982 20 72 18

✉ tartas_carro@yahoo.es



VENRES 24 • DÍA GRANDE

14:00 H. Sesión vermú larga co grupo **LOS ADRIANOS**.



20:00 H. Actuación da **MEKANIKA ROLLING BAND** polos bares do pobo (Programa *Móvete 2026* - Área Cultura Deputación de Lugo).





☎ 982 31 31 98 ☎ 636 060 724
 📧 fernandeelectro@yahoo.es

- Diagnóstico
- Multimedia
- Sist. de aire acondicionado y climatización
- Restauración de faros
- Enganche de remolque



Rosalía de Castro, 166 · 27120, CASTROVERDE (Lugo)



Ciudad de Vigo, 7 · 27002 LUGO

☎ 982 226 714



VENTA-REPARACIÓN DE MAQUINARIA

☎ 618 94 75 52 - 689 21 13 64

23:30 H. Festa e verbena coas orquestras **CAPITOL** e **LA FÓRMULA**.





TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
CANALONES

CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH

TODO TIPO DE MEDIANERAS

VENTANAS VELUX

VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA

IMPERMEABILIZACIONES

 **982 23 18 74**  **610 558 035**

 **pizarrascastedo.com**

 **pizarrascastedo@hotmail.com**

Ctra. Lugo - Fonsagrada, km. 4
(Barbaín) O CARQUEIXO · LUGO
Castedo, 13 · CASTROVERDE (Lugo)

SÁBADO 25 • DÍA DO PATRÓN

12:00 H. Pasarrúas co grupo de batucada **TAMBUKDA**.



13:00 H. Misa solemne e procesión, na igrexa parroquial (Participación do Coro Interparroquial de Castroverde).

14:00 H. Pasarrúas con **TAMBUKDA** ata o campo da festa.

14:30 H. Sesión vermú coa orquestra **ACORDES**.





NUTRI FERREIRO

PIENSOS Y CEREALES

📞 690 128 689

📞 982 312 217

Rúa da Feira, s/n
CASTROVERDE · Lugo

Castro · Lav

Lavandería autoservicio  Grupo Cormag

📞 676 588 861

Rúa da Feira, 8 · CASTROVERDE (Lugo)



TRANSPORTES FERNÁNDEZ CALDEIRO S.L

SAN MIGUEL DE PÁRAMO · CASTROVERDE

📞 670 063 565



SÁBADO 25 • DÍA DO PATRÓN

19:30 H. Actuación da charanga **FUEGO STREET BAND** polos bares do pobo.



23:30 H. Festa e verbena coas orquestras **ACORDES** e **ORIGEN**.





POLIGONO INDUSTRIAL DE CASTROVERDE
PARCELAS 20-21 · 27120 · CASTROVERDE (Lugo)
Tels: 678 452 808 · 982 31 13 61
e-mail: administracion@ariosa.es

GASOLINERA - NEUMÁTICOS - LAVADO - ENGRASE
AIRE ACONDICIONADO - COMBUSTIBLES - HIDRÁULICA



...y ahora también MINI TIENDA

Séguenos nas redes sociais!



@festascastroverde



festascastroverde.gal



@todocastroverde



MOISÉS
MADERAS

📞 680 34 55 23 📞 690 12 84 13

SÁBADO 25 • DÍA DO PATRÓN

00:00 H. Sesión de **FOGOS ARTIFICIAIS**. Espectáculo pirotécnico a cargo da Pirotecnica Calvo de Sarria.

Zona de visualización: **campo da festa**.



**Pólvora
Calvo**

Espectáculos de interior e exterior

☎ 982 523 611
 📞 683 105 338
 📷 @pirotecniapolvora_calvo
 📺 @polvora_calvo

C/ Formigueiros 89 • SARRIA • Lugo



Belle Secret

ESTÉTICA INTEGRAL

Láser Combinado Triple Onda HERA

☎ 982 09 46 97
 📞 613 865 554

Rosalía de Castro, 101
CASTROVERDE (Lugo)



TRADIGALU

Música tradicional. Bandas. Corais

ASUBÍOS DA CHAIRA

COSPEITO

26 de xullo

Ás 12:00 h. pasarrúas polo campo da feira de Castroverde

	TRASDALOMBA	TOXO QUEIMADO	AIRIÑOS NEIRA	XÍLGAROS
13:15	O Camiño	Pereira	A Lenda	Roma
13:45	Roma	O Camiño	Pereira	A Lenda
14:15	A Lenda	Roma	O Camiño	Pereira
14:45	Pereira	A Lenda	Roma	O Camiño
15:20	Moisés	Moisés	Pendello Pepe	Pendello Pepe
15:40	Pendello Pepe	Pendello Pepe	Moisés	Moisés

DOMINGO 26 • DÍA DA FOLIADA

12:00 H. Pasarrúas polo campo da feira do grupo tradicional **ASUBÍOS DA CHAIRA** de Cospeito (Programa *Tradigalu* - Área Cultura Deputación de Lugo).



13:00 H. Misa solemne na igrexa parroquial.

13:15 H. Comezo dos **CANTOS DE TABERNA**, nos cales contaremos cos seguintes grupos:

TRASDALOMBA · Castroverde



Panisse Óptica

CASTROVERDE

Rosalía de Castro, 66

☎ 982 31 12 01

📧 @panisse_optica

LUGO

Rúa do Teatro, 2

☎ 982 30 11 93



freirecordero@yahoo.es

Fidel Freire Cordero

Rúa Rosalía de Castro, 168
27120 CASTROVERDE (Lugo)

Móvil 699 49 59 01



FONSAGRADA (Lugo) · Avda. Asturias 5

☎ 982 340063

CASTROVERDE (Lugo) · Trav. Montecubeiro 2

☎ 982 313201

CASTRO RIBERAS DE LEA (Lugo)

Plaza García Abad, 13

☎ 982 310433



DOMINGO 26 · DÍA DA FOLIADA

TOXO QUEIMADO · Baleira



AIRIÑOS DO NEIRA · Baralla



OS XÍLGAROS · Lugo





Seguros y Reaseguros SA

Guadalupe Pena Pérez

Agente de Seguros Exclusivo

C/ Rosalía de Castro 61, Piso 1, Puerta A · 27120 Castroverde
Tel. 982 312 383 / 620 662 326
gpena@mgs.es · ww.mgs.es

SAT - MULTIMARCA ELECTRODOMÉSTICOS

QUIQUE

Servicio 24 horas

 **982 31 31 89**
 **608 58 88 70**

**CONSTRUCCIONES
FREIXO TORRE, S.L.**



COLOCACIÓN DE PEDRA E LOUSA · TRABALLOS DE ALBANERÍA

Freixo, 2 · A FONSAGRADA

 **699 57 80 06**

 **982 90 96 61**

 **freixotorre@gmail.com**

DOMINGO 26 • DÍA DA FOLIADA

16:30 H. Xogos infantís na praza do concello (Organizados polo Concello de Castroverde).

19:30 H. A voar con **CÉ ORQUESTRA PANTASMA**, o home orquestra, na praza do concello (Programa Móvete 2026 - Área Cultura Deputación de Lugo).



20:30 H. Concerto de **PUNK'ON KEIXO** na praza do concello, grupo *punk* emerxente.





Óscar

☎ 677 74 35 38

Manuel

☎ 638 96 24 38



Patatas EIRAS

SAMPAIO S/N, 27142
CASTROVERDE · LUGO

☎ 982 31 30 09

☎ 689 00 58 84

BALORGA

DESDE 1956

21:30 H. Concerto de **DE NINGHURES**, na praza do concello (Programa *Móvete* 2026 - Área Cultura Deputación de Lugo).





**EXCAVACIONES
VILAR**

Domingo Vilar Méndez

**Outeiro N°5 · 27143
Castroverde (LUGO)**



982 31 23 92



659 49 88 71



SUMINISTROS AGRÍCOLAS
OTERO S.L.
Cereales • Fertilizantes • Mezclas



Venta de paja y forraje

Mezclas personalizadas y piensos para alimentación animal

Cellán , 5 · CASTROVERDE (Lugo)



982 31 22 05



suministrosagricolasotero@yahoo.es

superOTERO²¹

Rosalía de Castro, 96. Castroverde (Lugo)
982 312 089 / 696 223 248

**merca
más**

GRUPO FROIZ
SUPERMERCADO Y CARNICERÍA
SERVICIO A DOMICILIO

Especialidades en carnicería, embutidos e queixos.
Cestas e encargos personalizados.

¡PROBA AS NOSAS SUPERTABLAS!



Desexámosvos unhas felices festas!

Restaurantes



PEREIRA

MENÚ DO DÍA • COMIDAS Á CARTA



Especialidades:

- CABRITO
- BACALLAU
- POSTRES
- CASEIROS



CAFÉ BAR PEREIRA II • Praza do Concello, 2

 **982 313 211 • 686 589 193**

RESTAURANTE PEREIRA III • Rúa da Feira, 2

 **982 313 211 • 665 851 501**

SERVIZO DE TAXI

 **665 851 501**



CASTROVERDE (LUGO)

FESTAS PATRONAIS CONCELLO DE CASTROVERDE

PARROQUIA	MES	DÍA(S)	PATRÓN/ONA
URIZ	Febreiro	7	San Blas
SAN XULIÁN	Abril	4 e 5	Virxe das Ermitas
REBORDAOS	Abril	25	San Xurxo
CELLÁN CALVOS	Maio	9	Virxe do Bon Parto
SOUTO DE TORRES	Maio	24	Virxe dos Milagros
BARREDO	Xuño	13	San Antonio
FRANCELOS	Xuño	27	San Xoán
SERÉS	Xullo	4	San Pedro
A MEDA	Xullo	18	Santiago Apóstolo
CASTROVERDE	Xullo	23 ó 26	Santiago Apóstolo
VILABADE	Agosto	1 e 2	Virxe do Carme
*VILAR DE CÁS	Agosto	15	A Nosa Señora
*PUMAREGA	Agosto	22 e 23	Santa Cristina e Santa Mariña
*TÓRDEA	Agosto	22 e 23	San Roque e Santo Tomé
*SAN PAIO	Agosto	29	San Ramón
*PENA	Setembro	5	Santa M ^a Magdalena
*MIRANDELA	Setembro	5 e 6	Santo Cristo
OUTEIRO	Setembro	12 e 13	Ecce Homo
MONTECUBEIRO	Setembro	18, 19 e 20	San Cibrao e Ecche Homo
*ESPASANDE	Setembro	19 e 20	Virxe das Angustias
*PÁRAMO	Setembro	26	San Miguel
*SAN MIGUEL	Setembro	26	Arcanxo San Miguel
FURÍS	Outubro	3	Virxe do Rosario
*ESPASANDE	Decembro	5	Santa Lucía
*CASTROVERDE	Decembro	26	Festa da Xuventude

* Indica que a festa non está confirmada. A data establecida é meramente unha aproximación.

Outras festas que levan anos sen facerse: Bolaño (San Ramón), Masoucos (Virxe do Bo Consello), San Cosme de Barreiros, Cobelas (San Miguel, San Antonio, Virxe do Rosario), Vilalle (San Pedro), Agustín (A Nosa Señora), Frairia (Virxe das Dores), Riomol (San Pedro), Riomol (San Roque), Cellán de Mosteiro (Virxe dos Remedios) e Miranda entre outras.

Se botas algunha de menos, podes escribarnos a info@festascastroverde.gal.

ROCHO AUTOMOCIÓN



616 054 190



982 375 022



982 312 321



info@rochoautomocion.es



rochoautomocion.com

Avd. de Lugo s/n, 27220 FRIOL (Lugo) · C/ Rosalía de Castro 168, 27120 CASTROVERDE (Lugo)

bar**b** canadá

PARRILLADA-RESTAURANTE

Rúa Castelao, 3 · Mosteiro · POL

 982 345 403

MYS WALNUT

669 35 66 73

- Regalos
- Composiciones florales
- Organización y decoración de eventos



Juan Carlos Carreira

Xubilado • Presidente da Asociación de Xubilados e Pensionistas de Castroverde

Que son para ti as festas do Santiago? Como as vives?

É unha data moi sinalada para min dende sempre. O ambiente das festas trae alegría, vida e ilusión ás rúas de Castroverde. Aínda que nestes últimos anos non puiden

participar en toda a programación, gústame ver o pobo cheo de xente, de música e de movemento. Faime especial ilusión comprobar que as tradicións continúan e que cada ano seguen sendo un punto de encontro para veciños, familiares e amizades.

Botas algo de menos no programa destes últimos anos? Hai algo que cres que quedaría ben incluír?

Sinceramente, paréceme que estades a facer un traballo extraordinario. O programa destes últimos anos pareceume moi completo e ben pensado, conseguindo poñer a Castroverde no mapa e atraer a moita xente de dentro e de fóra. Creo que é un motivo de orgullo para todo o concello.

Que é o máis destacarías das festas? Con que te quedas ou que é o que máis ilusión che fai?

Se teño que escoller algo, quedo coa sesión vermú e coas charangas. Son momentos moi especiais nos que se respira o verdadeiro espírito das festas: boa música, reencontros, conversas cos veciños e veciñas e esa alegría compartida antes da comida cos teus. Son deses recordos que quedan gravados ano tras ano.

Como cres que inflúen as festas na vila? Que impacto poden ter?

Dende que estades vós na comisión de festas nótase un gran impacto na vila. A afluencia de xente que atrae a programación é impresionante e supón un importante apoio para os negocios locais. Pero, ademais do aspecto económico, tamén hai un impacto social moi importante: vese á xente ilusionada, participativa e orgullosa do seu pobo. Son unhas festas que se poden ver, pero sobre todo sentir.

ESCOITANDO A VILA • II

Cres que é importante que haxa unhas festas á altura? Ata que punto ou nivel?

Penso que o nivel acadado nestes últimos anos é o adecuado para un concello coma o noso. Tendo en conta o número de habitantes e os recursos dispoñibles, creo que se está a facer un traballo excelente. O importante non é competir con outros lugares, senón ofrecer unhas festas das que a veciñanza se sinta orgullosa, e penso que iso estase conseguindo.

Que é para ti Castroverde?

Castroverde é a miña terra, a miña casa e unha parte fundamental da miña vida. É o lugar que me viu nacer, medrar e desenvolverme tanto a nivel persoal como profesional. Aquí tiveron a oportunidade de traballar e de construír moitas das lembranzas que gardo con máis cariño. E agora, xa xubilado, sigo tendo a satisfacción e o orgullo de poder colaborar co pobo como presidente da Asociación de Pensionistas e Xubilados. Porque cando un quere a súa terra, nunca deixa de intentar aportar o seu gran de area para que siga medrando e mellorando.




CITA PREVIA
 **982 313 186**

C/ Rosalía de Castro,
 nº 91 Bajo
CASTROVERDE (Lugo)

**Salón de Peluquería
y Estética Unisex**

MULTITENDAS BALSA

Un bazar a su servicio con todo lo necesario en bazar, regalo, perfumería, droguería, papelería, flores, etc, etc...

C/ Rosalía de Castro nº 71
 27120, CASTROVERDE (Lugo)

 **982 311 231**
 **multitendasbalsa@hotmail.com**



- COMPRA DE
MADERA
- GESTIÓN DE
BIOMASA
- VENTA DE LEÑA
- DESBROCES



646 375 667 630 331 287

ESPASANDE, CASTROVERDE



Maderas **DAFOUZ**

EXPLOTACIONES FORESTALES

646 375 667

630 331 287



Pulpería Maciñeiras
1982

☎ 982 251 633 ☎ 646 003 448

Ronda das Fontiñas, 89 - 91
Baixo, 27002 · LUGO

pulperiamacineiras@gmail.com

📱📷
pulperiamacineiras.com



OMAZO®
• DESDE 1990 •

Criamos, alimentamos e elaboramos no rural lucense

Cárnicos Río S.L. A Veiga, s/n
27744, RIOTORTO (Lugo)

☎ 982 346 501
📱 982 346 457
🌐 omazo.es



SERÉS AUTOMOCION

Carlos Otero Gómez

Rúa dos Nenos, 4
27120, CASTROVERDE (Lugo)

☎ 982 312 148
☎ 646 211 835



Verónica Trashorras

Auxiliar Axuda no Fogar

Que son para ti as festas do Santiago? Como as vives?

Para min as festas son diversión a tope, desconexión, son uns días de parénteses da rutina e do estrés diario que temos, nos que sei que si ou si me vou a esquecer de problemas e o vou a pasar moi ben e procuro vivilos a tope.

Botas algo de menos no programa destes últimos anos? Hai algo que cres que quedaría ben incluír?

A verdade e que sempre teñen un programa tan completo que para min non falta nada, o que me falta todos os anos é tempo para descansar jajaja, porque quero estar a todo e non se da feito.

Que é o máis destacarías das festas? Con que te quedas ou que é o que máis ilusión che fai?

Pois quedaríame co vermú do día do Patrón porque realmente é no momento que mais nos xuntamos todos, os que vamos a misa e os que non van, os que lles gusta bailar e os que non, os de Castroverde e os que non o son, os máis noviños e os que non o son tanto.... pero todos no campo gozando.

Como cres que inflúen as festas na vila? Que impacto poden ter?

O Santiago inflúe moito na vila pero para ben por suposto. Ten un impacto económico grandísimo evidentemente, en todos os aspectos. É un pulo para o comercio local, xa que sempre se necesita comprar, e para a hostalaría xa que esos días vese aumentado o volume de xente na vila.

Pero o Santiago tamén ten un impacto social xa que moita xente escolle esas datas para vir a pasar as vacacións por aquí para precisamente estar para as festas.

Cres que é importante que haxa unhas festas á altura? Ata que punto ou nivel?

Por suposto que é importante que haxa unhas festas á altura, e Castroverde merece unhas festas así. O feito de que a comisión de

ESCOITANDO A VILA • IV

festas estea formada por tantos membros e tan dispares, na miña opinión, é o que lle da a estas festas esa frescura e ese nivel que acadan todos os anos.

Son xente que non se conforman e que teñen grandes metas, que o fan con moita ilusión, pensando no seu pobo de corazón, de aí, que as festas acaden ese nivel.

Agora ben, non me gustaría que se perdera nunca a esencia que teñen as festas de Castroverde do rural e do tradicional por querer acadar outra altura.

Que é para ti Castroverde?

É a miña raíz xa que nacín aquí, e tamén a miña vida, xa que non me movín de aquí nos 42 anos que teño. Tamén é continuidade dado que criei e estou criando aquí o máis importante para min, os meus fillos.

TONI Y JAVI

SUMINISTROS GANADEROS

TELF. / FAX: 982 312 307

Móvil: 669 356 411

Rosalía de Castro, 90 · 27120 CASTROVERDE · LUGO

www.tonijavi.es - kalibriya@hotmail.com



Antonio Trashorras
M. 619 387 653

SEDE Trashorras, 7.
S. Miguel. Castroverde. Lugo
TEL 982 312 284



CAFÉ - BAR



TAPAS
RACIONES
BOCADILLOS
HAMBURGUESAS
COCIDO POR ENCARGO



Avd. Doctor Escobar Nº12
27130 Cádavo Baleira



618 966 710



@ORecunchoD'Vane

A BARBERÍA

RONDA DAS FONTIÑAS, 56, BAJO (LUGO)

EST. 2022

marino

→ HEY!

marinobarberia.es / @marinobarberia
644 54 08 49 / marinobarberia@gmail.com



Castroverde

Panadería · Pastelería · Heladería



633 56 38 52



Rosalía de Castro, 51



BigMat
LA TIENDA PROFESIONAL DE LA CONSTRUCCIÓN

FÓRNEAS

**CONSTRUCCIÓN • HORMIGÓN • FERRETERÍA
COCINAS • BAÑOS • CERÁMICAS**

LG Sampayo N°10 Bajo, 27142 Castroverde, Lugo
Telf: 982 312 191 / forneas@bigmat.es



Nº Reg. DGS y FP: C0058B27495910 **SEGUR-BESTEIRO, S.L**

José Besteiro Álvarez
Delegado

LE ATENDEMOS:

C/ ROSALÍA DE CASTRO, 65 CASTROVERDE - LUGO

C/ DIPUTACIÓN, 1 FRIOL - LUGO

C/ PEÑA ANDA, 12 LUGO - INGENIERÍA ARZA, S.L

jbestei@mapfre.com

www.mapfre.es/oficinas/2708

 **982 313 005**

 **608 588 971**

Marcos Rubinos Cortés

Arquitecto col. 4146

 **proxectos de
de arquitectura
e urbanismo** 

619 840 239 / 982 312 299
marcosrubinos@coag.es
tr. de Rodinso, 62
Castroverde / Lugo



Pedro Candal
Estudante

Que son para ti as festas do Santiago? Como as vives?

É un dos momentos máis esperados do verán onde compartes momentos cos amigos e familiares. Vívoas con moita ilusión dende o principio do verán.

Botas algo de menos no programa destes últimos anos? Hai algo que cres que quedaría ben incluír?

Escoitei que algún ano se fixera un torneo de 3x3 de baloncesto. Estaría ben incluílo no programa.

Que é o máis destacarías das festas? Con que te quedas ou que é o que máis ilusión che fai?

Estar cos amigos e as boas orquestras que veñen sempre. Quédome co bo ambiente que hai na vila eses días grazas ao traballo da comisión. Faime ilusión que sempre haxa tan boas festas.

Como cres que inflúen as festas na vila? Que impacto poden ter?

Hai máis afluencia de xente no pobo e afecta positivamente en xeral no comercio, polo que pode ter moito impacto.

Cres que é importante que haxa unhas festas á altura? Ata que punto ou nivel?

Para min o nivel no que están e máis que suficiente. Sempre veñen boas orquestras e atraccións.

Que é para ti Castroverde?

É o pobo onde nacín e onde teño a familia e os amigos (ben bonito por certo).

iskoo
DESEÑO GRAFICO

EK
KAMARADA
EDITORIAL



www.iskoo.gal

698.186.365



MADERQUINTE S.L.

Explotaciones forestales

Compra y Venta
de madera




616 806 414



629 601 224



oficina.maderquinte@outlook.es



San Cosme, 2 · CASTROVERDE (Lugo)

TRANSFORMACIÓNS FORESTAIS
E AGRARIAS

PATAL S.L.

Serés, 37 · 27126
CASTROVERDE (Lugo)

☎ 982 31 22 32
☎ 649 34 91 94
☎ 679 05 34 56


Sabela Freire
Fotógrafa
Que son para ti as festas do Santiago? Como as vives?

O Santiago sempre son especiais porque son as festas do meu pobo, da miña casa.

Vívoas con intensidade e moita ledicia rodeada da miña xente.

Botas algo de menos no programa destes últimos anos? Hai algo que cres que quedaría ben incluír?

Creo que é un programa completísimo, a veces demasiado jaja. Hai actividades para todo o mundo e a todas horas.

Que é o máis destacarías das festas? Con que te quedas ou que é o que máis ilusión che fai?

Ademais de ser unha festa para todo o mundo, creo que é moi destacable que haxa un oco para grupos galegos tanto do pobo como da rodeada. Sen dúbida, creo que o espectáculo de fogos artificiais foi un gran acerto e teño ganas de ver como será este ano.

Como cres que inflúen as festas na vila? Que impacto poden ter?

Unha festa sempre é motivo de alegría e creo que nun pobo como Castroverde ademais de desfrute, temos beneficio para moitos negocios.

Cres que é importante que haxa unhas festas á altura? Ata que punto ou nivel?

Creo que sí, os veciños merecemos unhas festas nas que poder gozar. Agora mesmo temos un nivel, para o meu gusto, moi moi bo e creo que a comisión fai todos os anos un gran traballo por mantelo.

Por último, que é para ti Castroverde?

Para min Castroverde é casa e familia, o sitio a onde sempre volver.

CONSTRUCCIONES



 **606 982 217**

**CASTROVERDE
(LUGO)**



taller mecánico

DÍAZ

**COMPRA-VENTA DE MAQUINARIA AGRÍCOLA
NUEVA Y USADA**

C/ Alcalde Xetas, s/n
CASTROVERDE (Lugo)

 **982 176 100**

 **609 542 300**

 **618 401 340**

hectordiazvidueira@yahoo.es

HOTEL · BAR RESTAURANTE 'A ROXOA'



 **982 180 262**

 **669 690 216**

A Tumbiadoira, 1 · A FONSA GRADA · Lugo

Rúa da Feira 25 · CASTROVERDE

☎ 609 640 291 ☎ 630 260 296

✉ a.lopezautoventa@hotmail.com



MARZO S. L.

SERVICIOS FUNERARIOS · MUEBLERÍA

☎ 982 31 30 01

☎ 609 42 67 51

☎ 982 31 30 17

✉ marzo@safmmarzo.com

Rúa Rosalía de Castro, 47 - 49 · CASTROVERDE · Lugo



Sergio Abelaira

Actor

**Que son para ti as festas do Santiago?
Como as vives?**

É un momento de reencontro coa familia e amigos. Sempre as espero con ganas.

Botas algo de menos no programa destes últimos anos? Hai algo que cres que quedaría ben incluír?

Sempre me gusta ver que se aposta por talento galego, orquestras, grupos musicais

e artistas de aquí.

Que é o máis destacarías das festas? Con que te quedas ou que é o que máis ilusión che fai?

Eu son moi fan da charanga pola tarde e sabendo que este ano vén De Ninghures, faime especial ilusión.

Como cres que inflúen as festas na vila? Que impacto poden ter?

Sempre é unha boa forma de gozar e coñecer toda a vila, tanto para os que somos de aquí coma toda xente de fóra. Coa charanga, co orientabirring, coas orquestras, coas actividades para os cativos. E de coñecernos máis entre nós.

Cres que é importante que haxa unhas festas á altura? Ata que punto ou nivel?

Si, creo que é moi importante loitar por ter unhas boas festas. É unha clara aposta pola nosa cultura.

Como xorde a túa vocación pola interpretación?

Xorde de moi neno, dunha maneira moi inconsciente vendo series e películas. Sempre fun moi cinéfilo.

O mundo do cine é moi diferente cando o ves desde dentro?

É moi diferente si, dende dentro doume conta da cantidade de xente que traballamos para que salga adiante cada proxecto. Non só somos os actores e directores; quero dicir, aínda que somos a cara visible, detrás hai un equipo técnico, de guión, casting... moi

grande, que loita moito e co que temos que traballar man a man e coñecer de cerca para que todo vaia ben. Non brillamos sen eles.



Cal cres que foi o teu mellor papel ata o de agora?

Sinto que a medida que traballo vou crescendo e madurando como persoa e como actor. O proxecto que máis me marcou foi *Todos los Lados de la Cama* por ser o meu primeiro protagonista en cine. Aínda que agora acabo de rodar *O asasino do pelo roxo*, unha serie moi especial, tamén como protagonista e faime especial ilusión pola historia que contamos, pola maneira de facelo, pola equipa e por grabala aquí e en galego.



Como te ves dentro duns anos?

Véxome sempre moi cerca dos meus, moi consciente da sorte que teño e oxalá que así de afortunado no traballo para seguir crescendo e facendo o que máis me gusta.

Por último, que é para ti Castroverde?

Vir aquí sempre é fogar, descanso, o sitio onde me criei. Sempre vai ser o recuncho no que recargar as pilas.



Disfruta del Turismo Rural

- CONFORT
- ENTORNO NATURAL
- DESCONEXIÓN TOTAL
- RUTAS SENDERISMO

**HABITACIONES
INDIVUALES
DOBLES Y
APARTAMENTOS**

www.casadoqueixeiro.es

Estamos en el **Camino Primitivo**

Travesía de Montecubeiro, 25
27120, CASTROVERDE (Lugo)

 **616 015 399**



A LENDA

CAFÉ - BAR


Rúa Dr. Fleming 2, Castroverde · LUGO

 @alendacv



Rúa Bolaño
Rivadeneira 2, LUGO

 @tribecalugo



Aratz Neira

Voz de Punk'on Keixo

Que son para ti as festas do Santiago? Como as vives?

A verdade é que as festas de Santiago non son as que máis ilusión me fan, porque como son de Serés, non as sinto como propias propias, mais xa nos independizaremos!

Fóra parte, no Santiago sempre o paso ben, todo sexa por xuntarse cos colegas para pintar a mona está ben.

Botas algo de menos no programa destes últimos anos? Hai algo que cres que quedaría ben incluír?

Ben, certamente eu boto de falta outros xéneros musicais, gustaríame que houbera unha maior presenza de grupos galegos pero non únicamente tradicionais.

Que é o máis destacarías das festas? Con que te quedas ou que é o que máis ilusión che fai?

Os cantos de taberna son o mellor das festas xunto coa Mekanika Rolling Band, pero sen dúbida aínda é mellor, o falar con Popelle alá polas 3 da mañá.

Como cres que inflúen as festas na vila? Que impacto poden ter?

As festas son fundamentais para a veciñanza, son un lugar de encontro interxeracional no que se xuntan veciños de tódalas parroquias. Enténdooas coma un rito: poñerme guapo para ir ó vermú (cousa fácil), despois xantar duro e de remate festa rachadaaaa!!! As festas son un encontro coas amizades que levantan o ánimo da xente.

Cres que é importante que haxa unhas festas á altura? Ata que punto ou nivel?

Non considero que sexa necesario facer unhas festas tremendas, ó final non deixan de ser unha ocasión para xuntarse, ademais, para pasalo ben chega ter boa compañía, e se ademais soa boa música pois moito mellor.

Como chega Aratz ao mundo da música?

Eu creo que aínda non cheguei porque non teño nin idea, pero na miña casa sempre se escoitou moita música e moi variada.

Como nace Punk'on Keixo?

Nace por iniciativa de Xes, o guitarra, que tiña a idea de formar un grupo e foinos xuntando a todos. A verdade é que nos costou arrancar e atopar o que nos molaba, tardamos 1 ou 2 anos en comezar a facer o que facemos hoxe en día.



Que é o que máis che gusta cando estás enriba do escenario?

Estar cos meus colegas ensinándolle á xente o noso traballo, pasámolo ben a verdade, pero o que máis me gusta persoalmente é da vergoña e darlle que falar á xente, pero sobre todo darlle vergoña a meu pai, que se foda! Penso que este concerto vai ser dos mellores por isto. Dame igual que falen mal, o importante é que falen.

Como ves o grupo dentro de cinco anos?

Non pensamos moito niso, creo que eu son dos menos realistas do grupo, o resto sempre din que nalgún momento isto vai ser insostible pero eu vou pra diante a tope pero porque teño a visión da realidade un pouco alterada, pero bueno, se ascendeu o Castroverde con Richard no campo, todo pode ser posible.



Por último, que é para ti Castroverde?

Pois é o meu todo porque é onde me criei e onde paso a maior parte da miña existencia, cousa que agardo que así sexa. Castroverde é o corazón do planeta e verdadeiramente é famoso e eu estou orgulloso de ser de aquí.



Oregón Carpinteiros

**Souto de Torres, 5
27146, CASTROVERDE (Lugo)**



650 663 064



oregoncarpinteiros.com



LA GIRAS

2027/28

LO NUEVO DE ORQUESTA

LA FÓRMULA

Nuevo escenario, un montaje innovador
Nuevo espectáculo, más sonido y nueva iluminación
4 Trailers y nueva puesta en escena.

CONTRATACIÓN: **Oficina PUNTO ZERO - Tlf. 629 212 547**





GANADOS JOSE

COMPRA VENTA DE GANADO



 **670 93 55 87**

 **699 75 09 49**

**ESPASANDE · CASTROVERDE
LUGO**



SUMINISTRO A DOMICILIO
DE GASÓLEO DE
CALEFACCIÓN,
AGRÍCOLA E INDUSTRIAL

VENTA DE ACEITES, NEUMÁTICOS Y ACCESORIOS
PARA SU VEHÍCULO

☎ 982 31 20 05 ☎ 982 31 20 87

☎ 649 94 86 89 ☎ 982 31 12 17

✉ gasofortaleza@gmail.com

AGROFORTALEZA S.L.



AGRICULTURA
VETERINARIA

☎ 982 31 20 87

☎ 609 833 085 (Urgencias)

✉ agrofortalezasl@gmail.com

CASTROVERDE · LUGO

UBICACIÓN DO CAMPO DA FESTA

LOCALIZACIÓN

Rúa do Alcalde Xetas, 27120, Castroverde (Lugo)

COMO CHEGAR

Pola estrada LU-530 de Lugo á Fonsagrada ou pola DP-1611



Servicios agroforestales

CABO

☎ 616 100 330

☎ 659 288 029

☎ 618 302 904



***“más de 30 años
construyendo futuro”***

Obra pública y privada

Ejecución de viales, saneamientos, abastecimientos, restauración de bienes culturales e inmuebles, construcción y promoción edificación nueva

***Nos ocupamos de
todos los procesos:
diseño, planificación
y construcción***

ISO 9001
ISO 14001
BUREAU VERITAS
Certification



C/ Estación, 4 · A Pontenova · LUGO

 **982 34 22 59**

 **info@construccionescarballeira.com**

BUS DE LIÑA


LUGO - CASTROVERDE

	XOV. 23/07	VEN. 24/07	SÁB. 25/07	DOM. 26/07
SAÍDA	18:30	18:30	19:30	19:30
VOLTA	07:55	09:25	09:25	-
PREZO	≈ 1.50€/viaxe • TAXI ≈ 35€			

A FONSAGRADA - CASTROVERDE

	XOV. 23/07	VEN. 24/07	SÁB. 25/07	DOM. 26/07
SAÍDA	18:00	18:00	18:00	18:00
VOLTA	08:30	11:10	11:10	-
PREZO	≈ 1.50€/viaxe • TAXI ≈ 60€			

+ info en www.her-vei.com



castroverde

#SantiagoCv26

festascastroverde.gal



XULLO 2026

Festas do Santiago Apóstolo

23 XOVES
Día da Orientación

Orientabirring 19:30


D'Canó 23:00
e París de Noia

24 VENRES
Día Grande

Los Adrianos 14:00

Mekanika 20:00
Rolling Band

Capitol 23:30
e LaFórmula



25 SÁBADO
Día do Patrón

Batucada Tambukda 12:00

Misa e procesión 13:00

Acordes 14:30

Fuego 19:30
Street Band

Acordes 23:30
e Origen

Fogos artificiais 00:00

26 DOMINGO
Día da Foliada

Asubíos da Chaira 12:00

Misa 13:00

Cantos de Taberna 13:15
Trasdalomba · Toxo Queimado
Airiños do Neira · Os Xilgaros de Lugo

Xogos infantís 16:30

Cé Orquestra 19:30
Pantasma

Punk'on Keixo 20:30

De Ninghures 21:30

OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

O programa das festas do Santiago Apóstolo 2026 pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada nas nosas **canles oficiais**:

 **festascastroverde.gal**

 **@todocastroverde**

 **@festascastroverde**



CONCELLO DE CASTROVERDE

Praza do Concello, nº 2

27120, Castroverde

<https://concellodecastroverde.gal/>

982 31 20 80 / 982 31 22 87

BOMBEIROS

Parque de Bombeiros. Avda. da Coruña, 240. Antigo Cuartel de Garabolos. 27003. Lugo. **080 / 982297480**.

CRUZ VERMELLA

Avenida de Madrid, s/n. 27002. Lugo. **982231613**.

GARDA CIVIL: **982 31 20 02**

GARDA CIVIL DE TRÁFICO: **062**

URXENCIAS MÉDICAS: **061**

EMERXENCIAS: **112**

TAXIS

- Manel Pereira: **665 85 15 01**
- Juan Carlos Fernández: **679 42 85 91**
- Manuel Lago: **608 18 54 26**
- José García Sarceda (Taxi de 7 prazas adaptado a minusválidos): **636 95 28 91**





FONTANERÍA-CALEFACCIÓN
AREDES

 **687 285 940**

FONTANERÍA · CALEFACCIÓN · GAS · BOMBAS DE CALOR
CLIMATIZACIÓN · ESTUFAS PELLETS · HOGARES CALEFACTORES

Iván Paredes Cendán



CONCELLO DE
CASTROVERDE



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027



DEPUTACIÓN
DE LUGO  Cultura
VICEPRESIDENCIA

festascastroverde.gal

